

A
L
O
U
M
N
I
Z
A
C
O
S

LETRAS GALEGAS



N 28 - ANO XXII - CEIP de Ponte Sampaio 201

Sumario

Lirniar	2
O mundo dos libros	3
O noso corpo	4
Egipto	6
Orla 3 anos	10
Orla 4 anos	11
Os profes de Ponte Sampaio	12
Retratos 1º curso	14
Un percorrido polas rúas de Pontevedra	15
Visita ao museo de Pontevedra	18
O paxariño	20
Volta do gorrión	21
O noso comic	22
O noso antigo concello	26
Pasatempos	27
Mascotas famosas	28
Os presidentes da democracia	30
Cousas novas	32
O cabaleiro Samuel	33
O soldadiño de chumbo	34
Visita ao río Llló	36
Illa de San Simón (5º curso)	38
Nós e a nosa familia	41
Visita á Illa de Medal	46
Visita á Illa de San Simón (1º curso)	48
Visita á Illa de San Simón (2º curso)	50
Important people from history	52
Sabías que...	55

O equipo de Dinamización da Lingua Galega manifesta que algúns traballos presentan incorreccións lingüísticas propias das idades dos alumnas/os.

Aínda sendo comentadas e explicadas polo profesorado responsable, non foron corrixidas respectando na maioría dos casos a presentación orixinal.

Érguese o pano e aparece en escea un señor con bigote, sombreiro e unha pelota vermella no nariz. Ese señor é **Roberto Vidal Bolaño**, dramaturgo ilustre a quen se adicou este ano o Día das Letras Galegas.

Tamén eu, ataviado con sombreiro, bigote e nariz colorado, como xesto de cumprimento, aparezo neste curso traendo nas miñas páxinas unha mostra de tantos traballos que os nenos e nenas foron realizando. Espero que vos gusten!

Ao alumnado de 6º, despois de tantos Aloumiños compartidos, quero transmitir os mellores desexos agora que nos deixan para iniciar a ESO.

Non me podo esquecer de saúdar aos novos alumnos que se incorporarán ao centro no vindeiro curso, e ás súas familias. Seguro que xuntos compartiremos novos Aloumiños nos próximos anos.

Bo verán!





O MUNDO DOS LIBROS



Os libros son as abellas que levan o pole dunha intelixencia a outra.

James Rusell Lowell

Aprender a ler é o máis importante que me pasou na vida.

Mario Vargas Llosa



Para escribir só hai que ter algo que dicir.

Camilo José Cela

A lectura é a viaxe dos que non poden tomar o tren.

Francis de Croisset

Os libros son amigos que nunca decepcionan

Thomas Carlyle

Para viaxar lonxe non hai mellor nave que un libro.

Emily Dickinson



Hai dúas clases de escritores xeniais: os que pensan e os que fan pensar.

Joseph Roux

Un libro é coma un xardín que se leva no peto

Proverbio árabe

Os libros dannos consellos que os nosos amigos non se atreverían a dar.

Numa Pompilio




O escritor orixinal non é aquel que non imita a ninguén, senón aquel a quen ninguén pode imitar.

René de Chateaubriand

Un bo escritor expresa grandes cousas con pequenas palabras. Un mal escritor di cosas insignificantes con palabras grandiosas.

Ernesto Sábato



Non hai libro malo do que non se poida aprender algo bo.

Plinio Cayo

Proxecto "O noso corpo"

E. Infantil 4 anos


Os nenos e nenas de 4 anos estivemos traballando este ano sobre o corpo humano e fixémoslo de xeito moi completo a través de distintos camiños de investigación que se entrelazaban e compartían momentos, intereses, dúbidas e significados. Así deste xeito puidemos traballar as distintas intelixencias tal e como regula o noso currículo.

A continuación podedes ver algúns exemplos das actividades que realizamos para desenvolver cada unha das intelixencias

Intelixencia lingüística



Con moitos libros e enciclopedias na clase para investigar.



Lendo o nome das partes do corpo e colocando a tarxeta no seu sitio.

Intelixencia corporal cinestésica



Aprendendo a cepillar os dentes.



Xogando a cegos e lazarillos.

Intelixencia espacial



Retratando a "huesitos".



Representando a figura da Maja Desnuda.

Proxecto "O noso corpo"

Intelixencia lóxico-matemática



Pesámonos e apuntamos os números



Observamos cal é o número do noso zapato e apuntámolo

Intelixencia intra e interpersonal




Abrazámonos cando hai máis nenos nos coxíns.



Aprendemos a dar masaxes para facer sentir ben aos outros

Intelixencia natural e científica



Aprendemos onde están situados algúns órganos e ósos do corpo.



Observamos como medran os bebés nas barrigas das nosas mamás

E ademais...





Educación infantil

5 años

Na clase de Educación Infantil traballamos sobre Exipto.

A idea xurdiu un xoves pola mañá mentres buscábamos pola clase cousas coa forma de pirámide para facer a ficha do método correspondente do día... e como fixéramos xa antes con outras formas xeométricas. Como non atopamos nada buscamos na Internet.

Cando descubriron as pirámides de Exipto xa non quixeron cambiar de tema. Tiñan milleiros de preguntas ás que atopar resposta e algunhas hipóteses (como dixo Breixo) que verificar, como por exemplo, si nas pirámides estiveron os dinosaurios.

E así foi como se converteron en exploradores activos.

EXIPTO	EXIPTO
<p><u>QUE SABEMOS</u></p> <p><u>ANDREA</u>: Nas pirámides estiveron os dinosaurios.</p> <p><u>MIGUEL</u>: No es verdad, porque vivieron hace más años.</p> <p><u>THAIS</u>: En Exipto hai tesouros.</p> <p><u>HUGO</u>: En las pirámides hay laberintos con trampas.</p> <p><u>ANTÍA</u>: Hay muchas muelas oro y también escorpiones.</p> <p><u>ROCO</u>: Había momias.</p> <p><u>CARLA</u>: Están los fombos de las momias.</p> <p><u>NEREA</u>: Hay un río.</p> <p><u>SARA</u>: Hay profetas.</p> <p><u>ETHAN</u>: Egipto antes era un lago.</p> <p><u>BREIXO</u>: Si entras en una pirámide es difícil encontrar la salida.</p>	<p><u>Qué queremos saber</u></p> <p><u>ANTÍA</u>: Para entrar en las pirámides, ¿cómo las levantan?</p> <p><u>SARA</u>: ¿Por qué murieron las momias?</p> <p><u>ETHAN</u>: ¿Cómo aparecieron las pirámides?</p> <p><u>DAVID</u>: ¿Cómo nacieron las momias?</p> <p><u>MIGUEL</u>: ¿Qué hay dentro de la esfinge?</p> <p><u>ANDREA</u>: ¿Cómo son las momias para beber?</p> <p><u>HUGO</u>: ¿Cómo construyeron las pirámides?</p> <p><u>NEREA</u>: ¿Cómo hicieron la esfinge?</p> <p><u>MANUEL</u>: ¿Las pirámides cuando eran nubes billabaz?</p> <p><u>THAIS</u>: ¿Onde durmían as momias?</p> <p><u>TODOS</u>: ¿Las momias están vivas o no?</p> <p><u>TODOS</u>: ¿Las pirámides tienen puertas?</p>



Fixemos un mural de vocabulario, pois pensei que algunhas palabras lles poderían resultar difíciles de entender e moito máis de recordar, pero non, Thais dixo un día na clase como se fose o máis raro do mundo: "Sabes profe, a miña nai non sabe o que son os vasos canopos"



Fixeron un colgante do escaravello que se lles pon no peito ás momias para regalar ás familias o día 15 de maio (Día da Familia).



Algúns dos nosos traballos:



Exploraron, investigaron, indagaron e atoparon as respostas a todas as preguntas que tiñan.



ALUMNADO DE 5 ANOS

2012-2013

4º CURSO DE INFANTIL



LAURA

ALMA

ALEIXO

ALBA

UXÍA

XIANA

NATALIA

BRUNO C.

MATEO

BRUNO R.




AITANA



ORLA



CLASE DE 4 ANOS CURSO 2012-2013



Os Profes do CEIP Pontesampaio




Yolanda



Yobanna



Avelino



Concha
12



Raúl



Juan



Silvia



José
Luis



Fani



Mar



Alicia



Conchi
Religion



José
Consersee



Teacher



Patricia



Ldi



María 5-

2º Curso de Educación


Os meus retratos



Adam por Paula Nerea por Iker Pablo por Andrea



Andrea por Nerea Iker por Hugo Érika por Bruno



Hugo por Pablo Bruno por Adam Paula por Érika

Un percorrido polas rúas de Pontevedra.

VISITA AO MUSEO DE PONTEVEDRA

O 14 de maio de 2013 fixamos unha excursión ao Museo de Pontevedra.

Chegamos ás 10 e nos diriximos cara o Concello na Praza de España. Alí vimos o monumento dos Heroes de Pontesampaio, collemos os planos da cidade e comezamos o noso percorrido.



Tomamos a rúa Marqués de Piestra e dobramos pola rúa Marzesa. Seguimos ata cruzarnos coa rúa Nabeira. Alí vimos o novo concello (o velh está en obras) e a Subdelegación do Goberno.

Logo baixamos pola rúa Fdez. Villaverde ata a Praza de Curros Enríquez onde vimos unha estatua de Alexandre Bóveda... e tamén o Burger King.



Baixamos pola rúa Don Gonzalo e pasamos por

debaixo do arco que nos levaba á

Praza de Mendez Núñez, onde nos esperaba Valle-Inclán.



NENAS E NENOS DO 2º CICLO DE E.P.



Quero darlle a benvida a Pontevedra a todos os nenos e nenas do CEIP de PONTESAMPAIO!

Seguimos pola rúa Sarmiento e atopamos un loro e continuamos visitando as prazas da Verdura e da Leña ata chegar ao Museo de Pontevedra.

Shhhhhhhhhh! Escoitade! Isto é un segredo! Nós somos moi valentes pero cando nos dirixiamos cara a Praza da Leña, atopamos unha casa con catro caras. Estaban a mirar para nós e fuximos correndo!!!



No camiño de volta, antes de coller o autobús, pasamos pola Basílica de Santa María a Maior e pola Praza do Peirao onde hai unha réplica da carabela Santa María "A Galega".


NENAS E NENOS DO 2º CICLO DE E.P.

PASATEMPOS


Atopa nesta sopa de letras oito rúas e prazas máis coñecidas de Pontevedra.

P	R	A	Z	A	D	A	V	E	R	D	U	R	A	S
R	Q	N	A	Z	O	O	P	R	I	S	E	T	E	M
A	P	R	A	Z	A	D	A	L	E	N	A	I	T	I
Z	R	C	U	A	Q	U	I	S	E	S	E	O	A	C
A	V	R	O	N	O	D	U	M	E	O	M	O	T	H
D	U	U	M	A	R	Q	U	E	S	A	T	E	I	E
A	I	A	F	I	G	U	E	R	O	A	R	O	I	L
E	R	R	C	I	N	E	D	V	V	I	T	A	C	E
S	E	E	A	G	T	E	S	A	N	A	O	M	A	N
T	T	A	N	R	R	A	N	E	G	R	L	S	L	A
R	E	L	T	E	E	P	O	E	L	A	I	O	T	R
E	L	F	E	P	L	E	V	A	U	L	V	L	I	A
L	H	F	T	A	M	E	Z	D	O	R	A	H	B	C
A	X	E	I	N	R	A	N	A	A	T	X	A	P	U
F	O	R	M	I	G	U	E	I	R	A	S	S	E	B

XEROGLÍFICOS



Como se chama esta praza?



Como se chama esta praza?

NENAS E NENOS DO 2º CICLO DE E.P.

VISITA AO MUSEO DE PONTEVEDRA

O primeiro que vimos no museo foi unha sala de acibeches, ali había colares, xoiros, imaxes, rosarios, cunchas, cruces e figas; foi unha cousa moi bonita. Despois fomos a outra sala que tiña barcos, había un barco de Colón chamado "A Galga". Non só eran barcos, tamen había unha aguiña con dúas cabezas.

No seu despacho tivemos que buscar: O retrato da rainha Isabel II, prismáticos de prata, canon co que apresou aos piratas, colección de fósiles, colección de minerais, algas do casco da fragata de Numancia e tacos de madeira en forma de fibros.

Dixemos porque era un acorazado: por ter unha coiraza de ferro nos seus costados.

Na sala de arqueoloxía estaban os obxectos máis antigos, correspondían á prehistoria e a historia antiga, nela vimos unha espada, un puñal, unha machada de pedra, un muiño, unha agulla e unha vasilla de cerámica.

NENAS E NENOS DO 2º CICLO DE E.P.

PASATEMPOS

Segue as pistas e atoparás a solución. Cambia cada símbolo pola letra correspondente.

○-M	■-P	△-A
◐-U		▲-Z
◑-S	◻-V	△-Ñ
◒-E	◻-T	△-N
◓-O	◻-R	
●-D		

Que edificio fomos visitar a Pontevedra?

○	◐	◑	◒	◓		●	◒	■	◑	▲	◻	◑	◻	◑	●	◻	△			

O camarote que visitamos era dun Almirante. ¿Como se chamaba?

○	◒	▲	●	◒	▲		▲	◐	▲	◒	▲	

NENAS E NENOS DO 2º CICLO DE E.P.

QUE
POETISAS!!

O pasariño

Un pasariño
veu á nosa ventá
a facer o seu niño.

Traía palla
para construír
a súa casa.

Nela, aos seus pasariños
dáballes bicos e
moitos cariños.



Os pasariños voaron
e a súa vida comezaron.

A primavera

A primavera chegou
moi bonita e florida,
O inverno rematou
e deixou a cara fría.

Florecean os abrochos
Enchense os campos de flores.
Nadan os parrulos,
cantan os reis señores.



A primavera remata
Achéganse as vacacións.
Hai que preparar a maleta
para ir á illa de Ons

Alba.B e Laura

VOLTA DO GORRIÓN

Sobre o mes de febreiro, estando na clase escoitamos pitar un pequeno paxariño.

A profe contounos que era un gorrion, un paxaro de cor marrón, que xa o ano pasado, fixo o seu niño na nosa ventá. Tamén nos contou que o gorrion, tivo 3 ovos, dos que despois dunha tempada naceron as crías. Nese periodo, a nai ensinoulles a voar,



pero un tivo tan mala sorte, que cando o intentou, caeu sobre o asfalto, e morreu.

Este ano, trouxo un montón de palla e de pous, e empezou a construír o seu niño. A profe non nos deixa acercarnos moito, porque si se asusta, marcha a outro lado, e adeus ao paxaro.

Esperamos que volva a ter ovos e paxariños velos voar, e disfrutar dos seus rechouchos nas aburridas clases.

Marta e Manu



VOCALISTAS



A VER, DECIRME UNA PALABRA CON MAS DE UNA VOCAL O



GOLOSO

MUY BIEN NICO, AHORA TU ALEX.

GOOOOOOOOOOOOOOOO



¡¡ALEX!!



AARÓN, ¿EN TU CASA REZÁIS ANTES DE COMER?



NO PROFE, MI MADRE ES BUENA COCINERA.



¡¡AARBOON!!

OREMOS

EL CARPETAZO



MIGUEL, ¿POR QUÉ LE PEGASTE A ROBERTO CON LA CARPETA?

¡¡MIGUEEEEE!!!

PORQUE LA MOCHILA PESABA DEMASIADO



YO DORMIRÉ.

¡¡ANXO!!!



ANXO DESPIERTA Y DIME EL FUTURO DEL VERBO BOSTEZAR



¡¡ANXO!!!



MUCHO SUEÑO



O NOSO ANTIGO CONCELLO

A historia de Ponte Sampaio, como concello que comprendía dúas parroquias, Ponte Sampaio e Canicouba, rematou o 21 de xuño de 1960 coa a súa anexión a Pontevedra.



Segundo a documentación que manexamos, xa no ano 1853 houbo un intento de unión deste concello co de Vilaboia.

Posteriormente produciuse outro intento, neste caso co de Soutomaior, por proposta do Goberno Civil de Pontevedra.

Segundo se indica anulouse este proxecto atendendo a que "Soutomaior non accedía a perder a capitalidade".

Razóns de incapacidade orzamentaria para atender as obrigas municipais, son as que motivan estes intentos, ao igual que o último e definitivo de 1960.

A corporación municipal de Ponte Sampaio, presidida por **D. José Álvarez Vijande**, acorda en sesión extraordinaria de 9 de outubro de 1956, solicitar a fusión co concello de Pontevedra.



Antiga casa do concello de Ponte Sampaio

Aprobada tal solicitude polo pleno municipal pontevedrés, inicianse os trámites e prodúcese a fusión, sendo alcalde o Ilmo. **Sr. D. Xosé Filgueira Valverde**.



D. Xosé Filgueira Valverde

Ponte Sampaio e Canicouba pasan a formar parte do Concello de Pontevedra, sendo as dúas últimas parroquias rurais que se anexionan a este municipio, despois de 124 anos de vida independente.

No muro do adro da igrexa, recordando o lugar onde estaba a casa consistorial, hai unha placa que di:

*Neste lugar estivo a casa do concello de Ponte Sampaio desde 1925 ata 1960
Derrubado no 1993.*



5º curso Educ. Primaria

PASATEMPOS



11 TOPA 12 DIFERENZAS

S D Y E P F A O A R B A L Y M B G
 Y R O Z T O H I C K C O N C H I K
 O V B Z H N C B E S D I S K K D O
 L V A G W I N T S A E B A I R A M
 A D N J R L O R T S I U L E S O J
 N D A T J E C T E P G B I M F S R
 D S A U P V Ñ F F T D J E F F I X
 A P A L V A T E A C H E R G I L B
 Q N O E J R E S N O C E S O J V N
 B L C T N B E N I O B Ñ Q D H I I
 I X H K F U L U A R X E Y V Y A U

AVELINO
 CONCHA
 CONCHI
 ESTEFANIA
 JOSE CONSERRJE
 JOSE LUIS
 JUAN
 LOLI
 MARIA
 PATRICIA
 RAUL
 SILVIA
 TEACHER
 YOBANA
 YOLANDA

SOPA DE LETRAS PROFESORADA

Alumnado de 6°

MASCOTAS FAMOSAS

Foi a mascota da **Copa Mundial de Fútbol** organizada por España en **1982**. María Dolores Salto e José María Martín Pacheco son os responsables da creación desta riseira laranxa vestida co uniforme da selección de fútbol de España. Foi tan popular que mesmo chegou a protagonizar unha serie de debuxos animados en TVE.




NARANJITO



CURRO

Foi o gañador do concurso internacional que se celebrou en 1989 co fin de elixir a mascota da **Exposición Universal de Sevilla 1992**. Heinz Edelmann foi o responsable da creación deste curioso paxaro con patas de elefante, crista e pico de cinco cores, unha por cada continente.

Foi a mascota dos **Xogos Olímpicos de Barcelona 1992**. O seu creador, Javier Mariscal, inspirouse nun can pastor catalán. Cando se fixo a súa presentación oficial espertou unha gran polémica entre o público. Algúns pensaron que Mariscal se inspirou nun can atropelado, de aí a súa figura plana.



COBI

O Pelegrín, nacido no **Xacobeo de 1993**, marcou toda unha época no que a mascotas se refire. Pero o seu tempo pasou e foi caendo no esquecemento. Foi mascota desde o ano 1993 ata o 2004, e foi cambiado por Xubi no ano 2010.



PELEGRIN

Foi a mascota oficial da **Expo Zaragoza 2008**. Sergi López Xordana inspirouse nunha pinga de auga para creala, e a cambio recibiu a suma de 149.000 euros. O seu nome elixiuse por votación popular mediante o envío de SMS.



FLUVI

Aínda que moitos non o vexan claro, a mascota oficial da **peregrinación a Santiago 2010** é a integración dun bastón e unha cabaza azul. O seu creador, Alberte Permuy, tivo que enfrontarse ás primeiras críticas. Moitos composteláns cren que Xubi era moi infantil e chegara demasiado tarde.



XUBI

Os Presidentes da Democracia

♦ O Goberno de España

O presidente do Goberno é xefe do Goberno de España. O nome do cargo orixinalmente era o de presidente do Consello de Ministros. A súa elección realízase no Congreso dos Deputados mediante un proceso chamado investidura, e logo é nomeado polo Rei de España, ante quen presta xuramento ou promesa.



Adolfo Suárez González 1979-1981



Leopoldo Calvo Sotelo 1981-1982



Felipe González Márquez 1982-1996



José María Aznar López 1996-2004



José Luís Rodríguez Zapatero 2004-2011



Mariano Rajoy Brey 2011-Actualidade



◆ A Xunta de Galicia

O Presidente da Xunta de Galicia é escollido polo Parlamento de Galicia de entre os seus deputados e nomeado polo Rei. O Presidente é a máis alta representación da Xunta de Galicia e é o representante ordinario do Estado en Galicia.

- **Antonio Rosón Pérez**
(Unión de Centro Democrático,
1977-1979) (Xunta preautonómica)



- **José Quiroga Suárez** (Unión de
Centro Democrático, 1979-1981)
(Xunta preautonómica)



- **Gerardo Fernández Albor**
(Alianza Popular, 1981-1987)



- **Fernando Ignacio González Laxe**
(Partido dos Socialistas de
Galicia-PSOE, 1987-1990)



- **Manuel Fraga Iribarne**
(Partido Popular de Galicia,
1990-2005)



- **Emilio Pérez Touriño**
(Partido dos Socialistas de
Galicia, 2005-2009)



- **Alberto Núñez Feijóo**
(Partido Popular de Galicia,
2009– actualidade)



Alumnado de 5º curso

COUSAS NOSAS:

As nenas do 3º ciclo gravamos unha representación do poema "Un repoludo gaitero" de Rosalía de Castro. Andamos filmando por toda a vila. Quedou chulísimo!



O outro día fomos á Illa de San Simón, a onde a nosa compañeira Iria fora de campamento de verán, alí ensinounos algún pasadizo secreto. Facía bastante vento e a tres nenas escapoulles a viseira ao mar. Pasarán a formar parte do tesouro de Rande?.

Este curso 2.012-2.013 empesamos co proxecto ABALAR. Traballamos cuns ordenadores-tableta moi xeitosos e aínda que están bastante ben non os usamos todo o que quixeramos.

Os nenos e nenas de Infantil seguen cos seus vermes de seda.
Pobre moreira. Quedará sen follas?




O profe Juan ten un neno que se chama Wen. Veu de China.
Noraboa ao profe e máis a Wen.

Iria 5º

Angie foi pasar as vacacións do Nadal a Colombia.
Que sorte!
E ademais saltouse as clases!!!

Tamén fomos ao museo de Pontevedra, e ruamos pola cidade antiga.
Vimos cousas moi interesantes.

O CABALEIRO SAMUEL



Que día tan bo amañeceu. Perfecto para ser armado cabaleiro.

Xa dende cativo empecei a prepararme na miña casa e como non, polo monte de Acevedo. Tería sete anos cando , montado nun pequeno cabalo de madeira con rodiñas, loitaba contra uns bonecos tamén de madeira.

Con dez anos vin a vivir para o castelo dun nobre .Trátase de D.Pedro Madruga, no castelo de Soutomaior.

Que día tan feliz! Estou a un pasiño de que me armen cabaleiro. Sain de caza co meu señor, pero como escudeiro. Foi unha boa caza: atrapamos un xabaril e dous cervos cativos.

Ao cumprir catorce anos empecei unha etapa moi bonita. Xa podía loitar xunto ao señor, demostrar a miña valía. Xa podía ser armado cabaleiro !!!!!!!!!!!

Esta noite non durmín moi ben . Tiña un vestido branco que non quería manchar e tiña que velar as armas, encerrado no meu cuarto.

HOXE É A CERIMONIA DE INVESTIDURA

Pronto chegará "o señor" coa roupa: o manto vermello, as mallas castañas, un cinto branco, unhas esporas de ouro e unha espada de dobre fio. Con ela darame un toque no lombo e pronunciará esas máxicas palabras que estiven desexando toda a miña vida.

Os nervios non me deixan en paz. Xa empezou o movemento nos xardíns do castelo. Creio que me van facer unha festa porque andan con ovellas e carneiros para diante e para atrás.

Tamén estou preocupado polo meu cabalo, onte estiveno peiteando, hoxe vai cargar co meu traxe que pesa medio quintal. Levo un precioso helmo cun penacho vermello, codeiras, luvas, peto, escarpes...cando me axuden a subir ao cabalo serei o cabaleiro máis feliz do mundo.

SAMUEL 5º



22

Soldadinho de Chumbo.~

O día 13 de marzo, mércores fomos ao Teatro a ver a obra do Soldadinho de Chumbo.

Fuimos primeiro e segundo curso de Educación Primaria ao Auditorio do Paso da Cultura.

Este conto xa o coñecíamos pero foi moi divertido porque os actores estaban moi ben caracterizados.

O que máis nos gustou foi: o boneco malvado e a risa perversa deste, tamén nos gustou cando os actores corrian arredor do público, unhas un montón cando non paraban de dicir todos eran Hans, cousas máis...

O que menos foi que durou moi

que emortas nos gustou pouco, é



O que pasa cando todos quedamos obra de teatro. máis veces a ver esta.

un se divierte. encantados con esta. Oxalá veamos obras de teatro coma

Este traballo do segundo curso.

foi realizado polos alumnos

VISITA AL RÍO ULLÓ

Este curso, los alumnos de 2º y 3º Ciclo fuimos de excursión al río Ulló. A pesar de estar muy cerca nuestra, la mayoría de nosotros no conocíamos este río en cuestión, y la verdad, nos pareció muy bonito.



A la excursión nos acompañaron tres miembros de la asociación "Vai polo río", esta asociación se encarga de cuidar el río Galos en Pontevedra, pero siempre que los llamamos para cualquier cosa, acuden encantados y de manera gratuita, así que desde aquí queremos darles las gracias antes de nada. Además vino también Rosana, la madre de Igor, y nos acompañó durante la excursión.

Los tres componentes de la asociación nos estuvieron hablando de la fauna y de la flora que fuimos encontrando. ¡Hay que ver cuanto saben!

Primero Juan, nos habló de los insectos palo, y soltó varios en unas silvas. Después Amancio, nos contó cosas muy interesantes sobre las plantas, así conocimos los "mexacans", las hierbas de San Juan, acacias negras, fentos, eucaliptos, pinos, salgueiros, musgos... Mientras Amancio nos contaba todas estas cosas, otro de los miembros, Juan, andaba por el medio del río con unas botas y un ganapán pescando, o por lo menos intentándolo.

A las doce fuimos a un merendero situado al lado de un puente, que, la verdad no nos pareció muy bonito. Según nos dijeron los profes, hace pocos años, allí había un puente romano en forma de arco realmente precioso, pero después de un fatídico verano de incendios, cayeron unas terribles lluvias, y como el monte estaba quemado, no había plantas que retuvieran la tierra, así que se produjeron unas terribles riadas que arrasaron ese puente, así como otros y varios molinos. La profe María nos contó que por ese puente pasó el famoso moro Almanzor camino de Santiago para robar las campanas de su catedral, ya que por ese sitio pasa el camino portugués.




Mientras merendábamos apareció Juan con unos recipientes llenos de agua, y en ellos venían los mas variopintos animales que os podáis imaginar: anguilas, larvas de libélula y de caballitos de demo (besbellos), moscas efímeras y unos increíbles insectos que se refugiaban en pequeños palos huecos: los tricópteros.

Cuando ya pensábamos que nos íbamos a ir, fuimos a una pequeña fuente en donde se forma una poza, y Juan cogió tritones, salamandras, escorpiones acuáticos, mas besbellos... Nos explicó que la mala fama que tienen las salamandras está totalmente injustificada, que eso de que echan un "aire" es totalmente falso, pero también nos contó que por mucho que se lo dijéramos a nuestros padres y abuelos no nos iban a creer, y seguirían matándolas, lo cual es una pena.

Después volvimos al colegio andando... ¡MENUDA CAMINATA!

Un día al río fuimos
 Y muchas cosas aprendimos
 Lo primero que no es malo
 Al que llaman insecto palo
 Por un camino nos dirigimos
 Y información sobre la flora recogimos
 Nos dijeron que las piedras no debíamos levantar
 Pues una víbora en ella podía descansar
 Paramos en un merendero
 Y nos dimos el papeo
 Los animales nos enseñaban
 Y todos alucinaban
 Salamandras y tritones vimos
 Y después... nos fuimos
 Al coche de don Fernando
 Un poquito a pie otro poquito caminando



Illa de San Simón

Hoxe, venres 24 de maio de 2013, fomos de excursión á illa de San Simón. Fomos en autobús ata o porto de Chapela. Alí collemos un catamarán ata as illas, de San Simón e a de San Antón, que están situadas na Ría de Vigo.

Cando entramos no catamarán, fomos na parte baixa do barco. Alí atopamos unhas ventás polas que se miraba o fondo mariño. Cando chegamos ás illas, entramos polo peirao dos oficiais.

Tivemos que esperar nunhas escaleiras ata que viñeran todos os rapaces para que Sonia, a guía, puidese comezar a explicación. Díxonos que nesta illa, no pasado, os primeiros que pasaran por ela foran monxes: templarios, pascualinos, beneditinos e franciscanos que fundaron aquí un mosteiro. Despois pasou pola illa o pirata Francis Drake, que por certo arrasou todo. Máis tarde a illa foi un lazareto e un cárcere. Na actualidade adicase a fins culturais.



O primeiro que miramos foi unha capela. Nela estaba a figura de San Simón. Tiña os brazos cortados pola metade, porque os piratas crían que os frades gardaban moedas de ouro dentro. Logo miramos o paseo dos buxos, e Sonia díxonos que as árbores eran centenarias, e coa súa madeira fabricábanse numerosos obxectos como buxainas, por iso recibían ese nome.

Tamén vimos a estatua de Nemo que puxeron porque Julio Verne, nun dos seus libros "Veinte mil leguas de viaxe submarino" falou da illa de San Simón e así fíxose moi coñecida.



Logo pasamos pola ponte que conducía a illa de San Antón. Alí na época do lazareto estaba a xente con enfermidades terminais. Alí mesmo lle lavaban a roupa, no chamado peirao das monxas. Unhas monxas, poñendo en perigo as súas vidas, foron coidar estes enfermos. Na outra illa, a de San Simón, estaban os menos graves e as persoas encargadas das comidas que llas poñían na entrada da ponte, sempre sen poñerse en contacto con eles xa que os podían contaxiar.

Despois destas explicacións fomos ver o cemiterio, nel só había seis tumbas. Alí soterraban a xente importante, e canto máis importante fora a persoa que estaba soterrada máis grande era a tumba aos demais metíanos nun burato que había xunto ó paseo dos buxos. Sonia díxonos que os corpos que estaban soterrados alí leváronos aos cemiterios de Vigo e de Redondela.

Máis tarde fomos ver un museo, alí explicounos cousas sobre a batalla de Rande onde loitaron os españois e franceses contra os ingleses e os holandeses. A guía contounos que os españois e franceses construían, cando aínda non estaba a ponte, unha barreira de taboas de madeira e cadeas para que os ingleses e holandeses non pasasen.

Volvemos ata a illa máis grande, a de San Simón, porque alí había mesas para merendar. Cando todos acabamos, seguimos ata chegar de novo ao peirao dos oficiais onde nos esperaba o catamarán. Antes Iria preguntoulle a Sonia se



podíamos ir ver uns pasadizos secretos que ela coñecía. Cando acabamos de velos xa nos esperaba o barco e preto del o profesorado e demais nenos e nenas. A visita terminara e tiñamos que deixar esta illa onde tantas cousas interesantes aconteceran.



Que bo día pasamos!

De volta no catamarán, fomos arriba.

Mirábase a ría toda, era unha marabilla.

Facía un pouco de vento e algunhas persoas tiveron algúns problemiñas.

Alba e Noa de 5º

Cantas visitas temos...

Os nenos e nenas de 4 anos recibimos moitas visitas ao longo do curso, xa que cada vez que un de nós é encargado veñen os nosos papás ou familiares a facer actividades connosco. A nós encántanos esas visitas, así que aquí vos deixamos algunhas delas para que vexades que ben o pasamos e canto aprendemos.



Coa mamá de Jose aprendemos moito de dinosauros.



Coa familia de Rosalía cantamos, contamos e fixemos unha eiruga.



Coa familia de Lucía fixemos sales de cores.



Educación infantil 4 anos. Nós e as nosas familias



Coa mamá de Candela falamos do Nadal e fixemos un adorno para a árbore



Coa mamá de Iker formos de manobras no colexio.



Co papá de Mell lemos contos e miramos un conto interactivo



Cos fillos da profe fixemos unha pócema máxica e lemos contos de medo.



Educación Infantil 4 anos. Nós e as nosas familias



Coa mamá de Ánzela fixemos un pousaveias con pasta.



Coa familia de Javier López fixemos un marco de fotos para regalar.



Coa familia de Zaira xogamos coa froita, fixemos animais de froita e comémola.



Coa mamá de Fabiola aprendemos moito do sistema solar e fixemos un móbil



Educación Infantil 4 anos. Nós e as nosas familias.



Coa familia de Ari fixemos un collar de pasta para as nosas mamás.



Cos papás de Javier Caba-leiro fixemos un marco de fotos con moitos adornos.



Coa avoa de Roi estive-mos lendo un conto feito pola súa nai.



Cos papás de Antonio estive-mos lendo un conto e facendo unha felicitación de Nadal



Educación Infantil 4 anos. Nós e as nosas familias



Coa mamá de Uxía estívenos facendo variñas, espadas e coroas.



Coa familia de Khadija estívenos probando comida típica marroquí e aprendendo algúns dos seus costumes



Pero non só nos gustaron as visitas dos nosos papás e mamás; este curso fixemos moitas saídas e tamén nos gusta moito cando a profe nos leva de excursión.



A ver casas

Á illa de Medal



Ao zoo







Ao teatro



VISITA Á ILLA DE MEDAL



O día 20 de maio os rapaces de 2º curso, fixemos unha saída á Illa de Medal acompañados dos rapaces de infantil e primeiro curso. Aquí vos deixamos os debuxos que fixemos desta illa.



Pasamos por riba dunha ponte de madeira, vimos un canastro e un pombal .




Corremos pola Illa de Medal, sacamos fotos e incluso nos tiramos pola herba.



Foi un día de convivencia cos rapaces de infantil e primeiro curso; fenomenal!!!

SOMOS O 1º CURSO E FOMOS Á ILLA DE S. SIMÓN



Andrea. - A min o que máis me gustou foi a viaxe en barco coa miña amiga Erika.

Adam. - Gustoume ir ao barco, pero ao principio tiña un pouco de medo.

• **Paula**. - O que máis me gustou foron os paxellos e o barco

• **Hugo**. - A min encantoume a estatua do cemiterio e os pés de pedra.

• **Nerea**. - Gustoume cando fun no barco


Pablo. - O que mais me gostou foi a lenda da ponte de Rande.

Érika. - Gostei do barco pero o mais divertido foi ver os parrulos.

Bruno. - Gostei da ponte a viaxe en barco e os submarinos de pedra.

Iker. - A min gostei da illa de San Simón


O BARCO




IIQUE GUA!!!


VISITA Á ILLA DE SAN SIMÓN

Os rapaces de segundo fomos á Illa de San Simón e ao volver fixemos uns debuxos que aquí vos deixamos. Esperamos que vos gusten!!!




Montamos en barco dende a Praia de Arealonga ata a Illa de San Simón, pasando baixo a ponte de Rande.







Descubrimos que Julio Verne xa sabía da enseada da Illa de San Simón.



Soubemos que a Illa foi no pasado un cárcere, un hospital, laza- reto ou lugar de descanso.



IMPORTANT PEOPLE FROM HISTORY

1) My favourite person from history is Thomas Alva Edison. He was born in Milan (Italy) in 1847. He died in 1931.

He invented the bulb on the 21st October of 1879. His first bulb lasted 48 hours.

2) The Beatles was a rock group of music formed in Liverpool in 1960.

They are one of the most commercially successful and critically acclaimed acts in the history.

From 1962 the group consisted of John Lennon, Paul McCartney, George Harrison and Ringo Starr.

3) Isaac Newton: He was a physicist, mathematician, astronomer, inventor and more. Newton built telescopes and discovered the force of gravity.

4) Neil Armstrong: He was the first person to set foot on the moon. More over he was a pilot, aerospace engineer, University professor and United States naval aviator!!

5) Frida Kahlo was a painter from Mexico. She painted a lot of colourful pictures and self-portraits.

6) Vivaldi was a prolific composer who created hundreds of works, he became renowned for his concertos in Baroque style.

7) My favourite person from history is Florence Nightingale. She was a nurse. She helped a lot of sick people.

8) Michel Jackson: As a child he performed as the lead singer of the Jackson family in popular Motown group the Jacksons. The went on to become one of the most internationally famous, a world winning sub pop sensation to date.

9) Valentino Rossi is an Italian professional motorcycle racer and multiple MotoGP World Champion. He is one of the most successful motorcycle racers of all time, with nine Grand Prix World Championships to his name.

MATCH:

A/



B/




E/



D/



C/



F/



H/



G/



I/



Pupils 6th

Sabías que ...?



O inventor da bombilla eléctrica, Thomas Alva Edison, tíñalle medo á escuridade.



O koala durme 22 horas diarias.



As estrelas de mar non teñen cerebro nin sangue.



Miguel de Cervantes e Shakespeare, dous xenios da literatura hispana e inglesa respectivamente, morreron o mesmo día: o 23 de abril de 1616.



A o longo da vida, un ser humano expulsa aproximadamente 39.000 litros de orina.

As aspas dos muiños de vento sempre viran ao contrario das agullas do reloxo, agás en Irlanda.




Os búlgaros din "si" movendo a cabeza de lado a lado e din "non" movéndoa de arriba a abaixo.



Só pican os mosquitos femia.


Un ser humano ten adulto ten 32 dentes, un mosquito 47, un tiburón balea máis de 4.500 e o peixe-gato 9.280.






Media culleradiña de po pode conter ata 1.000 ácaros e 250.000 dos seus excrementos.

En 1997 as líneas aéreas americanas aforraron máis de 30.000 euros só con eliminar unha oliva de cada ensalada nos seus menús.



Os golfinhos durmen cun ollo aberto.


Se por alguna razón o Sol deixara de emitir luz, na Terra tardaríamos oito minutos en darnos conta diso.



A cascuda pode vivir nove días sen cabeza, antes de morrer de fame.





Dende que nacemos ata que morremos, os nosos ollos son do mesmo tamaño.




O ollo dun avestruz é máis grande co seu cerebro.

Se metes unha Coca-Cola light nun recipiente con auga, flota. En cambio se o fas cunha Coca-Cola normal, afúndese.



Nun teclado de ordenador hai máis concentración de bacterias que na taza dun váter.



TAL COMO FOI 2012/13

Contido do DVD

Magosto 2012
Nadal 2012
Entroido 2013
Imaxina Cantares
Pequenos momentos

DIAS LETRAS GALEGAS 2013

